

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 25 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Montes, pola que se procede a dar publicidade aos prazos de presentación de solicitude de pagamento da prima de mantemento para o ano 2009, dos expedientes de axudas concedidas ao abeiro da Orde do 13 de maio de 2005, de fomento da forestación de terras agrícolas, da Orde do 9 de maio de 2007, de axudas para o fomento das frondosas caducifolias e da Orde do 11 de xuño de 2007, de axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.

O 24 de maio de 2005 publicouse a Orde do 13 de maio de 2005, de fomento da forestación de terras agrícolas; o 15 de maio de 2007 publicouse a Orde do 9 de maio de 2007, de axudas para o fomento das frondosas caducifolias e o 18 de xuño de 2007 publicouse a Orde do 11 de xuño de 2007, de axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas. Nas ditas ordes establécese, no caso de ser concedida, unha prima de mantemento que está destinada ao coidado, mantemento e demais traballos posteriores á plantación que son necesarios para o logro da plantación realizada. A prima de mantemento ten unha duración de 5 anos contados a partir do ano seguinte ao do pagamento da última comprobación.

O Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e da condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, establece no seu artigo 8 que as primas de mantemento se aboarán se se solicitan coas convocatorias anuais de solicitude.

Na derradeira disposición das ordes de fomento da forestación de terras agrícolas, de fomento da primeira forestación de terras non agrícolas e de fomento das frondosas caducifolias, facúltase o director xeral de Montes para dictar todas as disposicións complementarias co obxecto de executar as ditas ordes de axudas.

Por todo o exposto,

RESOLVO:

Primeiro.-*Obxecto.*

O obxecto desta resolución é o seguinte:

a) Dar publicidade aos prazos de presentación de solicitudes de pagamento da prima de mantemento para o ano 2009, dos expedientes de axudas conce-

didadas ao abeiro da Orde do 13 de maio de 2005, de fomento da forestación de terras agrícolas, da Orde do 9 de maio de 2007, de axudas para o fomento das frondosas caducifolias e da Orde do 11 de xuño de 2007, de axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.

b) Abrir o prazo para presentar as solicitudes de pagamento da prima de mantemento 2009 dos expedientes de axudas concedidos ao abeiro da Orde do 11 de xuño de 2007, de axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.

Segundo.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

1. O prazo para presentar as solicitudes de pagamento da prima de mantemento 2009, dos expedientes de axudas concedidas ao abeiro da Orde do 11 de xuño de 2007, de axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas, comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. O prazo para a presentación de solicitudes de pagamento da prima de mantemento 2009, de expedientes de axudas concedidas ao abeiro da Orde do 13 de maio de 2005, de fomento da forestación de terras agrícolas, da Orde do 9 de maio de 2007, de axudas para o fomento das frondosas caducifolias e da Orde do 11 de xuño de 2007, de axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas, remata con anterioridade ao día 30 de xuño de 2009.

Terceiro.-*Presentación de documentación.*

Os beneficiarios das axudas, xunto coa solicitude de pagamento da prima de mantemento para o ano 2009, que se xunta como anexo, deberán presentar a seguinte documentación:

-Factura, ou no caso de que o beneficiario realízase os traballos polos seus propios medios deberá presentar un documento xustificativo de ter realizado os traballos polos seus propios medios e os xustificantes dos gastos polo importe total do investimento.

-Certificación bancaria de conta aberta a nome do beneficiario da axuda.

-Copia do seguro contra incendios forestais en terreos agrícolas do ano 2009, só no caso dalgunhas solicitudes de axudas concedidas ao abeiro da Orde do 13 de maio de 2005, de fomento da forestación de terras agrícolas.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2009.

Tomás Fernández-Couto Juanas
Director xeral de Montes



ANEXO I

Nº EXPEDIENTE
<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> / <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

PROCEDEMENTO PAGAMENTO DE PRIMA DE MANTEMENTO DA FORESTACIÓN DE TERRAS AGRÍCOLAS, DE TERRAS NON AGRÍCOLAS E DE FOMENTO DAS FRONDOSAS CADUCIFOLIAS Regulamento (CE) 1698/2005 Regulamento (CE) 1975/2006	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR672A	DOCUMENTO SOLICITUDE DE PRIMA DE MANTEMENTO 2009
---	---	--

DATOS DO BENEFICIARIO

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	DATA NACEMENTO OU CONSTITUCIÓN	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO			LUGAR	
<input type="text"/>			<input type="text"/>	
PARROQUIA	PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EXPOÑO:

Que se realizaron os coidados culturais segundo o disposto na Orde do
 , ao abeiro da cal se tramitou o expediente, nunha

SUPERFICIE DE HECTÁREAS.

POR UN IMPORTE DE EUROS, SEN IVE

Nas seguintes parcelas Sixpac

CÓDIGO CONCELLO/ AGREGADO	ZONA	POLÍGONO	PARCELA	RECINTO OU SUBPARCELA	Superficie forestada-mantida (ha)	Especie
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL					<input type="text"/>	<input type="text"/>

(*) No caso de ter máis parcelas Sixpac, continuarase no anexo II

Achégase:

- Factura
 Documento xustificativo (no caso de realizar os traballos polos seus propios medios)
 Certificación bancaria de conta aberta a nome do beneficiario da axuda
 Copia do seguro contra incendios forestais en terreos agrícolas (só para algúns expedientes da Orde do 13 de maio de 2005, de fomento da forestación de terras agrícolas)

SOLICITAN:

Que se efectúen os trámites oportunos para proceder ao pagamento da prima de mantemento correspondente ao ano **2009** na conta bancaria abaixo indicada, da cal é titular o/a beneficiario/a:

CÓDIGO DO BANCO	<input type="text"/>	CÓDIGO SUCURSAL	<input type="text"/>	DÍXITO DE CONTROL	<input type="text"/>	CÓDIGO CONTA CORRENTE	<input type="text"/>
-----------------	----------------------	-----------------	----------------------	-------------------	----------------------	-----------------------	----------------------

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asinado:

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

XEFE DO SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS

PROVINCIA:

